



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 28 de maio de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 28 de maio de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 21/05/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/1976

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática e Secretaria, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a implantación dunha aplicación informática para a xestión de órganos colexiados e resolucíons da Alcaldía integrada na plataforma CIVIDAS e-GOV, á Empresa **IMATIA Innovation SL**, por un importe total de 18.150,00 € (IVE incluído) con cargo á partida 9201.64100.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2142

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **PERES SPORT, SL** para o subministro de seis cascos para motoristas e seis pares de luvas para dotación de material de protección para o uso de motocicletas, por un importe total de 1.020,09 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2238



Visto o informe do Enxeñeiro Técnico Industrial D. Oscar Álvarez González, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Espina & Delfín, SL** para a realización das obras de instalación dunha toma de rego na Rúa García Caamaño, nas proximidades do Mercado, por un importe total de 1.290,36 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2239

Dáse conta do escrito presentado por Dona **Begoña Nogueira Nartallo**, solicitando a adopción de medidas para evitar os posibles danos na finca situada en Lg. Laxe, Arealonga, Polígono 33, Parcela 135, denominada A Coca, situada xunto ao Parque da Coca, seguintes:

- Árbores caídas que se apoian no muro deteriorando o mesmo.
- Voo de ramas dun eucalipto sobre a súa propiedade.
- Danos no muro como consecuencia do desvío dunha canle de auga que discorre polo citado Parque.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Que se dea conta ao Servizo Municipal de Medio Ambiente e ao Organismo Augas de Galicia aos efectos oportunos.

PRP2018/2240

Dáse conta de escrito presentado por **Dona Ana Belén Vázquez Dieste** solicitando a limpeza de maleza no Río do Con no contorno de A Laxe, por causar molestias na súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Dar conta ao Servizo Municipal de Medio Ambiente e remitir o escrito presentado ao Organismo Augas de Galicia aos efectos oportunos.

PRP2018/2241

Dáse conta de escrito presentado por **Dona Esther Vicente Varela** solicitando a limpeza de maleza no Río do Con no contorno de A Laxe, por causar molestias na súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Dar conta ao Servizo Municipal de Medio Ambiente e remitir o escrito presentado ao Organismo Augas de Galicia aos efectos oportunos.

PRP2018/2242

Dáse conta do escrito presentado por Dona Estefanía Serantes Prado en representación de **CP Bosque Desamparados 6-8** solicitando a colocación de "Us" invertidas, co fin de facilitar o acceso ao garaxe.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que poderá proceder á colocación de fitos flexibles reflectores, de cor verde, situados no límite entre o estacionamento permitido e o espazo autorizado para o vao, de modo que a distancia entre os fitos non supere a anchura autorizada, sendo a instalación ao seu cargo e debendo poñerse en contacto coa Policía Local co fin de que se lles indique a colocación correcta dos fitos, conforme ao establecido no Art. 64 da Ordenanza Municipal de Circulación.



PRP2018/2285

Dáse conta de escrito presentado por **D. Francisco Manuel Pajares Piñeiro** solicitando ocupación de vía pública para os días 25, 26 e 27 de maio na Avda. Rodrigo de Mendoza, fronte ao establecemento “Café Bar Mezclum” con motivo da celebración dun evento no citado establecemento.

Dáse conta de informe da Policía Local e de que o citado evento foi autorizado por Resolución da Alcaldía.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2288

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Construccións, Obras e Vías SA (COVA)** para o subministro de asfalto para a reparación de camiños en diversas zonas do rural: Cornazo, Aralde, Guillán e Galáns, por un importe total de 4.522,98 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/2275

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun convenio para a concesión dunha subvención de carácter prepagable, a favor de “**Solidariedade Galega co Pobo Saharaui**”, por importe de 3.000,00€, para o programa “Vacacións en Paz 2018”, con cargo ás seguintes partidas:

Partida 231-48002: 1.500,00€

Partida 320-489: 1.500,00€

PRP2018/2276

Dáse conta da lista definitiva de admitidos/as e lista de agarda de solicitantes de praza na Escola Infantil Municipal para o curso 2018-2019. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a mesma.

PRP2018/2277

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de abril de 2018 de aprobación do orzamento presentado por **Arelar Xestión Socioeducativa SL** para o desenvolvemento do proxecto de prevención do ciberacoso e do bo uso da TIC'S, figurando no mesmo:

....por un importe total de 9.974,85 €

E debendo figurar:

... por un importe total de 3.974,85 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.



ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/2252

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cómputo de 6 horas da bolsa de horas de que dispón o Concello por parte da Empresa **Clece, S.A.** para un servizo de limpeza extraordinario da Escola de Educación Infantil Vagalume, con motivo da actividade “Noite máxica”, que se leva a cabo todos os anos cos/as nenos/as de 6º e que durmirán no centro escolar o día 8 de xuño (venres), debendo realizarse o servizo o día 9 de xuño, a partir das 12:00 horas.

PRP2018/2253

Dáse conta de Resolución da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria, de 9 de maio de 2018, pola que se da publicidade das axudas concedidas a entidades locais para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, no marco do programa Ler Conta Moito, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha axuda por importe de 855,26 €, debendo xustificar o concello un gasto mínimo de 1.140,34 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/2255

Vista a solicitude de **D. Rubén Diz Piñeiro**, en representación da **Comisión de Festas “O Piñeiríño”**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de San Xoán no Piñeiríño, os días 22 e 23 de xuño:

- Actuación do grupo de gaitas da Asociación Cultural Lumarada, o día 22 de xuño, por un importe de 225,00 €.
- Actuación do grupo de gaitas da Asociación Cultural Nós de Sobradelo, o día 23 de xuño, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/2256

Dáse conta de proposta de aprobación do acordo económico-cultural co Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2018. A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o acordo económico cultural, por un importe total de 46.270,00 €, con cargo ás partidas que a seguir se indican, polo que a Banda de Música realizará un mínimo de 35 actuacións, nas condicións establecidas no citado acordo económico cultural, con cargo ás seguintes partidas:

- Con cargo á partida 334.78000: 7.500,00 €, para a adquisición de material instrumental.
- Con cargo á partida 334.48205: 38.770,00 €, para gastos correntes derivados do normal funcionamento do Padroado de Banda de Música.

- O recoñecemento de obrigación a favor do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, polo importe de 23.135,00 €, con cargo á partida 334.48205, de conformidade co establecido nas cláusulas do propio acordo económico cultural.



PRP2018/2258

Vista a solicitude de **D. José M^a Mato Campos**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal os días 5, 12, 19 e 26 de xuño e 3, 10, 17, 24 e 31 de xullo, en horario de 19:00 a 21:00 horas, para a realización de un curso de alimentación san, gratuíto e aberto ao público, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Seminario do Auditorio: 18 horas, a 10,20 €/hora: 183,60 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2018/2259

Vista a solicitude de **D. Ramón Bueno Piñeiro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal o día 9 de xuño, en horario de 17:00 a 21:00 horas, para a proxección dun documental do mundo do traballo, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias do Auditorio: 4 horas, a 15,25 €/hora: 61,00 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2018/2260

Vista a solicitude de **Dona Beatriz Vila Rodríguez**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 2 do Auditorio Municipal, o día 31 de maio, en horario de 16:30 a 20:00 horas, para a celebración dunha reunión do grupo Mámoa de apoio á lactación materna, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/2261



Vista a solicitude de Dona M^a de los Milagros Vidal Loureiro, Directora do **CEI e Primaria Araelonga**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de actos do Auditorio Municipal, o día 14 de xuño, en horario de 9:00 a 14:00 horas, para a celebración do festival de fin de curso do citado Centro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

PRP2018/2262

Vista a solicitude de D. José Luis Sanz Acosta, en representación de **A.C.M. Sociedade Filarmónica de Vilagarcía**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 1 de xuño, en horario de 20:00 a 21:45 horas, para a celebración dunha charla, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/2263

Dáse conta do escrito presentado polo **CEIP A Lomba** solicitando autorización para realización dunha xornada de convivencia familia-escola no Parque de O Castriño ou na Praza da Peixería, en caso de choiva, o día 1 de xuño, así como a colaboración municipal coa cesión de megafonía e WC portátil, se fose viable.

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Parque do Castriño:

- Deberá terse en conta que a actividade non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

Praza da Peixería:

Deberán asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.



Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

En canto á cesión dun WC portátil, non é posible acceder ao solicitado, por non ter dispoñibilidade no concello.

PRP2018/2264

Dáse conta do escrito presentado por D. Valentín Renda Dios, en representación da **Asociación de Veciños O Piorno de Fontecarmoa**, solicitando a impresión de 30 carteis con motivo da celebración de San Pedro no Centro Cultural de Fontecarmoa, o día 30 de xuño de 2018.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Dar conta á Area de Comunicación.

PRP2018/2265

Vista a solicitude de D. Jesús Busto Peteiro, como Director Xeral da **Fundación Amigos de Galicia**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 25 de maio de 2018, para a celebración dun curso de autoestima e centralidade no emprego, dirixido a usuarios/as da Fundación, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/2266

Vista a solicitude de Dona Amelia Varela Artusio, en representación da **Fundación Lar pro Salud Mental**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala Principal do Auditorio Municipal, o día 27 de setembro, en horario de 11:30 a 13:30 horas, para a proxección dun documental sobre a experiencia levada a cabo con Sebastian alcavo (Director do Programa Al filo de lo imposible) e cinco persoas con trastornos mentais, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

PRP2018/2267

Vista a solicitude de D. Manuel Rey Fresco, en representación da **Comisión de Festas de San Antonio de Faxilde**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da San Antonio en Faxilde, os días 16 e 17 de xuño:

- Actuación do Grupo de Gaitas da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa, o día 16 de xuño, por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/2203

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto denominado “Mellora do bombeo de Bamio”, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Oscar Álvarez González, cun orzamento de execución por contrata de 18.585,78 €, así como a autorización do gasto con cargo á partida 161.62900.
- Dar conta ao Departamento de Contratación co fin de que se inicie, á maior brevidade, o procedemento de licitación.

PRP2018/2279

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra polo que se concede ó Concello unha subvención en especie para a adaptación de puntos limpos ao abeiro da operación 0264 ESTRAEE_1_E “Estratexia Sostible Transfronteriza para a xestión dos Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos”, executando a Deputación de Pontevedra os investimentos que teñen por obxecto a adaptación dos puntos limpos seleccionados para recollida e tratamento dos RAEE.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2280

Vista a proposta da Concellería de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda a prórroga do contrato coa Empresa **Gabinete Cartotec SL** para os servizos de atención ao público e información ao cidadán en relación co procedemento de regularización catastral, nas condicións indicadas no acordo de Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2018, por un importe total de 8.363,52 € con cargo á partida 931.22799, coa seguinte desagregación:

Días	Horario	Horas diarias	Nº técnicos	Custe/hora/técnico	Custe total
12	9:00 a 14:00 16:00 a 20:00	9	2	38,72	8.363,52

Custo total do contrato:

Proposta inicial	5.265,92 €
------------------	------------



Exceso sobre a proposta inicial	1.316,48 €
Ampliación do contrato	8.363,52 €
TOTAL	14.945,92

PRP2018/2281

Dáse conta da solicitude realizada á Deputación Provincial de Pontevedra de axuda por importe 200.000,00 € para o financiamento do Proxecto Vía Verde do Salnés que abarca ademais deste Concello aos Concellos de Caldas de Reis e Portas, así como a sinatura do correspondente convenio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/2298

Vistos os xustificantes da caixa fixa habilitada para atender gastos específicos que non puideran tramitarse mediante o procedemento xeral de gasto, que presenta **Don José Ramón Reiris Pérez**, así como o informe emitido pola Intervención municipal, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO: Contabilizar o pagamento ós acredores finais e polos importes que de seguido se indican:

Nº FRA.	DATA	PROVEDOR	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	Programa	Economica
9/18	19/02/2018	MIGUENS NAVIA, CARMEN	FRA. 9/18, RAMO MORTUORIO PADRE DE ANGEL BENITO PERÉZ DORGAMBIDE.	110,00	912	22601
11/8	20/02/2018	MIGUENS NAVIA, CARMEN	FRA. 11/8 RAMO MORTUORIO FALLECIMIENTO PADRE DE JUAN CARLOS IGLESIAS MEAÑOS	88,00	912	22601
000060	23/02/2018	INDUSTRIAS SAN JOSE, C.B.	FRA. 60, ESCUDO E PIN PLENO HONORES SANTIAGO IGLESIAS PEDRIDO.	550,07	912	22601
2018000431	25/02/2018	HOTEL CARRIL, S.L.	FRA. Nº 2018000431 INVITACIÓN PRESENTACION PELICULA "" Cash N Flow. The Event"" ANSELMO GOMEZ REIRIZ	61,60	912	22601
20/18	27/02/2018	MIGUENS NAVIA, CARMEN	FRA. Nº20/18 RAMO VIUDA SANTIAGO IGLESIAS PEDRIDO (PLENO HONORES)	27,50	912	22601
123	28/02/2018	ESPACIO TERRAE, S.L.	FRA. Nº123 RAMO FLORES HOMENAJE A ROSALI DE CASTRO	40,00	912	22601
29/18	28/03/2018	MIGUENS NAVIA, CARMEN	FRA. Nº 29/18 RAMO MORTUORIO FALLECEMIENTO MADRE DE XABIER CAMBA	110,00	912	22601
129	05/03/2018	ESPACIO TERRAE, S.L.	FRA. Nº129 RAMO MORTUORIO MANUEL SUAREZ FUENTES	100,00	912	22601
20428	13/03/2018	CESPON ARTES, S.L	FRA. Nº 20428 ENMARCADO DIPLOMA PLENO HONORES SANTIAGO IGLESIAS PEDRIDO	90,00	912	22699
107/0	31/01/2018	DISBEPO, S.L.	FRA. Nº107/0 AGUAS PARA PLENOS Y ALCALDIA	114,18	912	22699
213/0	28/02/2018	DISBEPO, S.L.	FRA. Nº 213/0 AGUAS PARA PLENOS Y ALCALDIA	57,09	912	22699
354/0	02/04/2018	DISBEPO, S.L.	FRA. Nº 354/0 AGUAS PARA PLENOS Y ALCALDIA	57,09	912	22699
18F0846S00000046	16/01/2018	VIAJES BARCELO, S.L.	FRA. Nº18F0846S00000046, HOTEL PAOLA MARÍA	65,50	912	23000



			MOCHALES REUNIÓN TRABALLO PTE. ADIF, EN MADRID.			
18F0846S00000047	16/01/2018	VIAJES BARCELO, S.L.	FRA. Nº 18F0846S00000047, HOTEL ALBERTO VARELA PAZ REUNIÓN TRABALLO PTE. ADIF, EN MADRID.	65,50	912	23000
MINUTA DTA. Nº 2	30/03/2018	VARELA PAZ, ALBERTO	MINUTA DTA. Nº 2, AXUDAS DE CUSTO VIAXE A MADRID REUNIÓN TRABALLO PTE. ADIF.	66,72	912	23000
MINUTA DTA. Nº2	30/03/2018	MARIA MOCHALES, PAOLA	MINUTA DTA. Nº 2, AXUDAS DE CUSTO VIAXE A MADRID REUNIÓN TRABALLO PTE. ADIF.	66,73	912	23000
18F0846B00000013	16/01/2018	VIAJES BARCELO, S.L.	FRA. Nº 18F0846B00000013 DESPLAZAMIENTO A MADRID REUNION TRABAJO PTE. ADIF Y ALBERTO VARELA PAZ	167,00	912	23100
18F0846B00000014	16/01/2018	VIAJES BARCELO, S.L.	FRA. Nº 18F0846B00000014 DESPLAZAMIENTO A MADRID REUNION TRABAJO PTE. ADIF Y PAOLA MARIA MOCHALES	167,00	912	23100
MINUTA LOC. Nº2	07/02/2018	MOURIÑO SANTIAGO, LINO	MINUTA LOC. Nº 2 CONVOCATORIA SUBVENCIONS PLAN COMPOST REVITALIZA	16,65	912	23100
MINUTA LOC. Nº3	07/02/2018	OUTON CASAL, SONIA	MINUTA LOC. Nº 3 REUNION TRABAJO MESA NORMALIZACION LINGÜISTICA	16,50	912	23100
MINUTA LOC. Nº 4	07/02/2018	MOURIÑO SANTIAGO, LINO	MINUTA LOC. Nº 4 VISITA PLANTA MANCOMUNIDAD MORRAZO	23,20	912	23100
18F0846S00000129	14/02/2018	VIAJES BARCELO, S.L.	FRA. Nº 18F0846S00000129 INVITACION PRESENTACION PELICULA ""Cash N Flow. The Event"" ANSELMO GOMEZ REIRIZ	94,00	912	23100
MINUTA LOC. Nº5	15/02/2018	VARELA PAZ, ALBERTO	MINUTA LOC. Nº 5 REUNION TRABAJO PTE. ADIF	110,95	912	23100
MINUTA LOC. Nº 7	15/02/2018	OUTON CASAL, SONIA	MINUTA LOC. Nº 7 REUNION TRABAJO PROGRAMAS CONTRASTES	11,60	912	23100
MINUTA LOC. Nº 8	19/02/2018	VARELA PAZ, ALBERTO	MINUTA LOC. Nº 8 REUNION TRABAJO ALCALDE DE CALDAS DE REIS Y DIPUTANO PROVINCIAL SR. REGADES	14,80	912	23100
MINUTA LOC. Nº 9	19/02/2018	VARELA PAZ, ALBERTO	MINUTA LOC. Nº 9 ENTREVISTA RADIOFONICA ONDA CERO	14,80	912	23100
MINUTA LOC. Nº10	20/02/2018	OUTON CASAL, SONIA	MINUTA LOC. Nº 10 REUNION TRABALLO CONSELLERIA CULTURA	22,80	912	23100
MINUTA LOC. Nº 11	30/03/2018	MARIA MOCHALES, PAOLA	MINUTA LOC. Nº 11 REUNION TRABAJO COMISION DE PATRIMONIO	10,70	912	23100
MINUTA LOC. Nº 12	30/03/2018	OUTON CASAL, SONIA	MINUTA LOC. Nº 12 REUNION TRABAJO PREMIO PLACIDO CASTRO	3,80	912	23100
MINUTA LOC. Nº 13	30/03/2018	MOURIÑO SANTIAGO, LINO	MINUTA LOC. Nº13 XORNADAS ESTRATEXIA SOSTIBLE XETION RESIDUOS	16,40	912	23100
MINUTA LOC. Nº 14	30/03/2018	MOURIÑO SANTIAGO, LINO	MINUTA LOC. Nº 14 ASAMBLEA XERAL EIXO ATLANTICO	106,60	912	23100
MINUTA LOC. Nº 15	30/03/2018	OUTON CASAL, SONIA	MINUTA LOC. Nº 15 ENTREGA PREMIOS OTERO PEDRAYO	15,65	912	23100
MINUTA LOC. Nº 16	30/03/2018	GARCIA SANMARTIN, TANIA	MINUTA LOC. Nº 16 REUNION PREPARACION CANDIDATURA ""SENIOR FRENDRY_G-NP	15,60	912	23100



MINUTA LOC. Nº 17	30/03/2018	VARELA PAZ, ALBERTO	MINUTA LOC. Nº 17 REUNION TRABAJO SEGURIDAD CIUDADANA SUBDELEGADO GOBIERNO	16,80	912	23100
MINUTA LOC. Nº 18	30/03/2018	VARELA PAZ, ALBERTO	MINUTA LOC. Nº18 REUNION TRABAJO SOBRE PASEO MARITIMO	14,75	912	23100
MINUTA LOC. Nº 19	30/03/2018	MARIA MOCHALES, PAOLA	MINUTA LOC. Nº 19 REUNION EIXO ATLANTICO-AXENDA URBANA	81,35	912	23100
MINUTA LOC. Nº 20	30/03/2018	MARIA MOCHALES, PAOLA	MINUTA LOC. Nº 20 REUNION DEMARCACION CARRETERA DEL ESTADO-AFECTACION PXOU	11,65	912	23100
MINUTA LOC. Nº 6	15/02/2018	VARELA PAZ, ALBERTO	MINUTA LOC. Nº 6, PRESENTACIÓN FESTAS INTERÉS TURÍSTICOS.	14,82	912	23100
				2.637,40		

SEGUNDO: imputar o gasto ás seguintes partidas:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	TOTAL GASTADO
912-22601	Órganos de Gobierno. Atención protocolarias	1.087,17
912-22699	Órganos de Gobierno. Gastos diversos.	318,36
912-23000	Órganos de Gobierno. Dietas cargos electos	264,45
912-23100	Órganos de Gobierno. Locomoción	967,42
		2.637,40

TERCEIRO: Repoñer a cantidade xustificada de **2.637,40 €** a favor do habilitado.

PRP2018/2300

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de abril de 2018, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

PRP2018/2301

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de abril de 2018, por un importe total de 5.500,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	7	110	770,00



D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	7	110	770,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	7	110	770,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	3	110	330,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	3	110	330,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	3	110	330,00
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	2	110	220,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	1	110	110,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	2	110	220,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	3	110	330,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	3	110	330,00
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	1	110	110,00
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	3	110	330,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	3	110	330,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220,00
TOTAL			5.500,00

PRP2018/2304

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Mancomunidade do Salnés**, polo importe de 5.049,32 € (Rex. 18/1367), correspondente a aportación pola reforma e acondicionamento das novas oficinas da Mancomunidade, con cargo á partida orzamentaria 943.76300.

PRP2018/2305

Vista a proposta da Concellería da Área de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente ó subministro dunha CPU para reposición no posto de traballo do Enxeñeiro Informático.

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor de **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL** polo importe de 916,02 € (IVE incluído), da factura N° 18000425 1 (REX. 18/1554), con cargo á partida orzamentaria 9201.216.

PRP2018/2306

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Comunidade de Propietarios concepción Arenal nº 29**, polo importe de 75,00 €, correspondente a cotas da Comunidade dos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2018, da vivenda de propiedade municipal, con cargo á partida orzamentaria 920.22699.

PRP2018/2307

Préstase aprobación á Certificación nº 1 final da obra Demolición de estrutura de formigón Rúa Almirante Fontán Vilaxoán, subscrita polo arquitecto Xoán Xosé Rodríguez Cuiña e executada pola empresa **Sergonsa Servicios, S.L.** cunha contía de 21.293,58 €, da que se acorda o



recoñecemento de obrigación a favor do referido contratista, con cargo á partida 151.61900 (Obra 1/067/2017).

PRP2018/2308

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Obras y Conducciones Hidráulicas SL**, polo importe de 335,28 €, da factura 38160450001 (Rex. 18/2999), correspondente a canon da auga do Auditorio Municipal do exercicio de 2016, con cargo á partida orzamentaria 161.22501.

PRP2018/2309

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Espina & Delfín, SL**, polo importe de 5.415,08 €, da factura VL25401 (Rex. 18/3054), correspondente a bonificacións aplicadas á taxa de auga do 4º trimestre de 2017, con cargo á partida orzamentaria 161.489.

PRP2018/2310

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Espina & Delfín SL**, polo importe de 36,95 €, da factura 03180119361 (Rex.18/3078), correspondente a consumo de auga do inmoble situado na Rúa Cervantes nº 7 no período de xaneiro-marzo 2018, con cargo á partida orzamentaria 161.22699.

ASUNTOS DE RENDAS, RECADACIÓN E TESOURERÍA

Rendas

PRP2018/2287

Unha vez confeccionados os Padróns fiscais correspondentes o Imposto sobre Bens Inmóveis de Características Especias (BICES) e Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Rústica do ano 2018, a Xunta de Goberno Local acorda a súa aprobación, a fin de dar trámite á preceptiva publicación dos Edictos de exposición e cobranza, conforme esixe o art. 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.